

MARÍA DE LEMA 4/4



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

NOME DO DOCUMENTO: MPG_GaRo_0007_004_en_0_48_38_id3676_D
AUDIO DE REFERENCIA: MPG_GaRo_0007_004_en_0_48_38_id3676.mp3

TIPO DE DOCUMENTO: Entrevista. Parte 4/4

MATERIAL DISPOÑIBLE: Audio mp3 e ficha de contexto e transcripción

DURACIÓN: 24' 08"

DATA DA RECOLLIDA: Xoves, 23 de xullo de 1998, pola tarde

LOCALIZACIÓN: Casa da informante

Lugar/ aldea/ barrio: Bretal
Parroquia: Olveira (Santa María)
Concello: Ribeira
Provincia: A Coruña

- **INFORMANTE**

Nome: María de Lema
Data de nacemento: 1952 (46 anos)
Lugar de nacemento: Parroquia de Olveira

- **RECOLLEDOR/A:** Rosa García-Orellán
- **COMPILADORA:** Rosa García-Orellán
- **COLECCIÓN:** Rosa García-Orellán

NOTA DOS EDITORES

A presente entrevista forma parte das efectuadas pola antropóloga Dra. Rosa García Orellán como parte do traballo de campo da súa tese de doutoramento. As entrevistas foron estudadas e empregadas na elaboración de dito traballo pero este material pode ser analizado en moitos outros contextos. A Dra. García Orellán cedeu as súas gravacións orixinais en casete e as transcripcións que ela mesma fixera do seu contido ao APOI para que poidan ser compartidas con outras persoas interesadas.

TEMÁTICA DA ENTREVISTA

Conversa cunha muller que fala de asuntos diversos, destacando cuestións como a morte, os ofrecementos a santos, a súa boa relación co seu sogro, os traballos da muller como ama de casa, o coidado dos maiores, as actividades fóra da casa e o coidado que debe ter a muller da súa boa fama.

- Parte 1 (MPG_GaRo_0007_002_en_0_07_16_id3673)
De velorios na casa aos tanatorios. Diálogo cos defuntos.
- Parte 2 (MPG_GaRo_0007_002_en_0_07_16_id3674)
O casamento, a organización interxeracional da casa. O defunto da casa para interceder polo neto. A casa.
- Parte 3 (MPG_GaRo_0007_003_en_0_25_35_id3675)
A noite, o medo. A Santa Compañía.
- Parte 4 (MPG_GaRo_0007_004_en_0_48_38_id3676)
As portas da casa abertas no velorio e contar a vida do defunto. Quitar o aire.

CONTEXTO DA ENTREVISTA

Nota da autora da recolla: Onte, 23 de xullo de 1998, fomos á mañá miña nai e máis eu á casa de María de Lema para falar con ela, xa que ma recomendou miña prima D. Alí estiveron falando miña nai e súa nai, e quedamos en que iríamos á tarde. Ás catro e media da tarde alí estábamos, e recíbenos. É unha muller de estatura baixa, moi dinámica e rápida de pensamento; eu non a coñecía, pero ela a min si, e acordábase de cando eu estivera na escola aquí na aldea.

NOTAS SOBRE A TRANSCRICIÓN DO TEXTO

A transcripción foi realizada pola compiladora e revisada polo persoal do APOI. Respectouse a pronuncia da persoa e as palabras e expresións coloquiais transcribíronse tal e como foron ditas.

BIBLIOGRAFÍA CONSULTADA

GARCÍA ORELLÁN, Rosa (2001): *Hacia el encuentro de mi antrophos: la muerte dinamo estructural de la vida*. Bilbao. Ed. Universidad del País Vasco

PALABRAS CHAVE

Velorio , velatorio , defunto , bendición , aire dos meniños , Nazareno , ofrecida



TRANSCRICIÓN

AS PORTAS DA CASA ABERTAS NO VELATORIO E CONTAR A VIDA DO DEFUNTO

Vén de MPG_GaRo_0007_003_en_0_25_35_id3675

María de Lema: A principios aí de ano, unha noite, que estaba morto, veciño meu na miña aldea, e *bueno*, a pesar de que era moi maior, moi ben. En xeral, os da miña aldea moi ben, nos vellos principalmente, meterse cos vellos, síntese máis que os mozos. Era moi amigho meu. E non había vento ningún, unha noite tan *apasible*, tan bonita, tanto de *luna*. Pero, *menudo* medo... medo pa algunha xente eu xa non paso medo, pero... collen as portas da casa todas cérranse todas pla!, cerráronse as portas.

Rosa García Orellán: Da vosa casa?

M.: Non, da casa del, nós estábamos alí.

R.: Estabas facendo o *velatorio*?

M.: Si. *Sin* vento.

R.: Aaah, e cerráronse todas as portas? E a xente dentro?

M.: A xente dentro, e xente maior [non se entende], que *bueno*, ao mellor era *verdá* que non sei eu si eso... (a xente) *dios mío, tal y cual, aí Jesús da señales...* que tal. Porque eu era como... eu tiña dezanove anos, pouco antes de casar. *Según* din, miña nai e toda a xente que lle oín, [non se entende] as portas cando está o morto, ten que ter as portas abertas.

R.: E por que non poden estar as portas cerradas?

M.: Pois *eso, si* que xa... sempre o dixo miña nai tampouco o entende, di que xa era cousa de súa nai, que o dicía súa nai. *Entonces* que *eso* que era... pero eu vexo que ninguén cerra as portas, eu *eso fíghome* moito. A porta principal estar... non cerrada, e a *prueba* está... moitas veces eu teño feito adrede, adrede, porque moi raro é que non vaia rezarlle a todos cantos morren, pero... teño feito adrede, *ahora* xa non o fagho porque xa... coller e entrar e dicir: *buenas noches* e tal, e cerrar a porta, unha xa se levantaba.

R.: A porta da casa e a porta da *habitación*?

M.: A porta da *habitación* do morto xa está aberta, pero a da casa, a da *salida*, a da *salida*.

R.: Así toda a noite?

M.: Así toda a noite, que fagha frío, mira que temos pasado frío, e eu mirando pa porta seghido. E mira que temos *pasao* frío... que ao mellor acompañar as *personas* aquelas,



practicamente toda a noite porque eran nosos amigos. Porque, eu *si* non son xente que eu *conozco de verdá* e que *eso*, voulle rezar, doulle o pésame *si* é que *conozco*, *si* é xente da miña aldea por *exemplo*, pois *entonces* vou desde que *ceno hasta* que me veño pao outro día e *bueno*, e estou acompañando á xente.

R.: Estás toda a noite?

M.: Si, *sin* murgha, porque *eso* a min si que non...

R.: E que *soles* estar, na *habitación* do *difunto*?

M.: *No*, sempre... sempre máis ou menos *rézolle* e se hai xente... se non hai xente *suélome* sentar alí, pero como vaia xente que é da familia e eu non ser da familia, levanto e veño *pa o pasillo*.

R.: No *pasillo* estás con outras mulleres, non?

M.: Claro, procurando que a cousa non vaia...

R.: E os homes onde *solen* estar?

M.: Sempre na cociña.

R.: Os homes nas cociñas?

M.: Sempre.

R.: E se hai sala na sala, non?

M.: Por *exemplo*, si é inverno ca cociña *encendida*, ou o que teñas. *Ahora* menos mal que pos calefacción ou pos estufas, que as hai *ahora*, pero que antes nas había, e viñamos *titiritando*, pero a porta non se cerraba. E compróboo *siempre*. A porta, que antes aínda estaba por *exemplo*... xa sabes ti as portas... as portas *principales* sempre son de dúas caras, dúas follas, unha xa sempre estaba así aberta de todo, no inverno, que *ahora* menos mal, non sei *si* é porque vamos modernizándonos un pouco máis, *si* van morrendo os de atrás e vimos vindo nos despois e... *bueno*, e alghún día cerrarán, *ahora* menos mal que *solamente* queda *esto*, pero a *persona* que está por aquí no inverno que?

R.: Menuda corrente...

M.: *Eso* xa sempre, *eso* téño eu comprobado adrede porque mamá sempre *decía* que *no*, que as portas non se cerraban, que *eso* xa viña de súa nai, xa viña dos de antes e viña de bueno, E *ahora* sodes vós moi modernos pois eu adrede, *calquer* casa *donde iba*... a ver que pasaba, pois inmediatamente se levantaba unha *persona* e bumba.

R.: *Si*gues indo aos *velatorios*, e ti ves moita diferenza dos *velatorios* de *ahora* aos de cando ti eras pequena?

M.: *Diferencia* de xente ou *diferencia* das *personas* que están acompañando? Das familias?

R.: Si, da xente e do que se fai alí e todo. Ou é igual?

M.: É igual. A familia está un pouco máis tranquila, me gusta máis *ahora* que as *tonterías* que falaban antes.

R.: Antes a familia choraba moito, *verdá?*

M.: Descubría a vida, *aquelo* non era chorar, é descubrir.

R.: *Iba* contando as cousas da vida?

M.: Non me parecía ético *eso*, porque *imáxinate*: aí! o que me fixeches, aí *Dios mío* se me acordo, cando fomos a sementar, cando fomos...

R.: Ai, *iban* contando a súa vida.

M.: Contándolle ao home, ou contándolle ao pai. Recórdome unha vez que... *bueno*, aquel día cheghín á casa onda mamá, *según* o pouco, porta, porque mamá mandoume porque a familia e non me podía ir. E díxome que fora eu un pouco. E eu era unha rapaza, unha rapaza... estouche contando de rapaciña porque ao mellor doce ou trece anos, ou menos e *bueno*, eu como era *espabiladilla* pos alá me *iba*, portábame moi ben, sabía estar moi ben. Facía as miñas cousas, mandábame mamá e *bueno* pa min era sagrado.

R.: Tamén facías o do ramo de *olivo*, non? *Todavía* o facedes?

M.: O corpo pa min é sagrado, está morto pero aghua bendita...

R.: E ti o bendices o corpo? E toda a xente vai bendicilo?

M.: Toda *no*.

R.: Toda *no?*

M.: Eu o que non paso é o *ar...* o aquel pola *frente*. Non sei porque, un día preguntareillo ao cura, porque xa non me acordou a min nunca de... non sei porque a xente lle bota a bendición ao cadáver e logho o pasa pola *frente*, *eso* nunca lle...

R.: O *sea*, botan no *nombre* do *Padre*, do *Fillo*, do *Espíritu* Santo, amén, e despois fan o *nombre* do pai co ramo na *frente?*

M.: Si.

R.: Ti non o fas non?

M.: Non, eu aghua bendita a aquel corpo bótolla sempre. Eu chegho, rezo, o *Padrenuestro*, que o señor o acolla no seu regazo, que... que pida pola súa familia porque está máis cerca de *Dios* ca nós, sabes? Collo o meu ramiño [non se entende], pero eu nada, eu na *frente*, no fagho.

Ao mellor estou facendo mal, pero... un día heillo de preguntar ao cura. Hame de *decir* coma sempre: “Pero bueno, e logho porque che interesa *eso*”. Como non o fagho. *Eso síghoo* facendo e a diferenca que hai...

R.: *Eso* fan tanto os homes coma as mulleres?

M.: Os homes polo normal, polo *general* moitos nin entran. Nin entran a ver.

R.: Nin entra.

M.: Polo *general*. Teñen que ser amighos íntimos, si na porta están toda a noite, que aghuantan aí al *pie del cañón*... pero despois a dentro, moi poucos homes van. *Ahora* mulleres...

R.: José de P. é o que *sole* estar sempre...?

M.: Si, é un señor reza, que chegga que reza, que lle reza, que lle bota a bendición, que a *frente* non sei si fai coma min ou non, pero si, efectivamente, ese vai ao *velatorio* penso eu como hai que ir.

R.: Pero é dos poucos da aldea que o fan, non?

M.: E vai, practicamente non sei si non irá a todos. E despois vai onde todos os homes e alí pois falan ou fuman ou o que lle dea a *ghana* a eles, fai moi ben, pero a dentro, onde o *difunto*, *siempre, siempre, siempre*...

R.: E normalmente son as mulleres...

M.: Normalmente son as mulleres. Non sei si é porque somos máis curiosas, se somos que levámolo máis dentro ou que, porque sempre penso unha cousa e que... o home, penso eu, que fai esas cousas e que vai á misa, penso que ten o reino de *Dios ghanado* máis que nós. Dáme que... que si van eu creo que é porque, porque hai minoría, a maioría somos mulleres, e porque o *sinten* de *verdá* e que o levan a fe a eles, penso eu, que lle move aquel corazón... teñen máis ca nós. A min sempre me da máis pena, vendo un home diante dun cadáver que unha muller ver aquel home párteme o corazón. Porque ver unha muller chorar, non sei si é porque somos máis choronas non, eu pa min que o *sinten* máis, non sei si é a maneira de ser así, que o *sinten* máis. Eu pa min que non, que non son... que non *fingen* nada, cando van, van porque van de corazón e senón non van e punto. Eu penso que as mulleres somos un pouco máis..., non sei *si* máis hipócritas en ese sentido, ou *si* é pa que nos vexan, *si* é que... non a maioría pero... os homes, como non hai tantos coma nós están como máis atentos, con moita atención no... os que están aí, están aí e non están mirando pa aquí, alí, que foi pa aí, penso, *aunque* despois me din que despois no bar, polo visto sei que xa no bar é outra cousa, desmándanse.

R.: Si.

M.: Desmándanse

R.: Desmándanse.

M.: *Eso* é o que...

A PROTECCIÓN DO AIRE

R.: Ti algunha vez, *oíste* falar do aire dos meniños?

M.: Ai, *si hombre*. *Eso* é o que lle sacaron á nena, porque empezáronme a dicir que o tiña que o tiña.

R.: A unha nena túa?

M.: Si.

R.: Si?, *tuvo* aire dos... e de que era o aire que tiña...?

M.: Ah, disque era de *animales*.

R.: E ti cos teus nenos...?

M.: E levántalos nenos, levantar os nenos da cama porque mamá...

R.: Ti levantabas os nenos cando pasaban os *difuntos*?

M.: Si, cando mamá me dicía: cando pase por aí levántaos.

R.: E ti o facías?

M.: Si, e o levantaba; eu se tocaba o tema dos meus fillos *si* me din *esto* eu fághoo, pois non sei se me enghañaba. Home, *si* me din dálle esta medicina, non lla dou, e *si* un curandeiro... supoñamos que *tuvera* que ir algunha vez a un curandeiro, supoñamos, e me dera *medicinas*, non as tomaría, porque penso que a medicina é de xente que *tuvo* que *estudiar* medicina, *eso* está... *Ahora* dinme: María, cando pase o *difunto*, levante o neno, a si? Pois levanto, e *si* tería algunha ves netos levaría o neto, porque sei que non lle fagho mal ningún, *si* por *eso* é por que non o había levantar? O que nunca *creén*, porque mo dicían moitas veces, é que a embarazada non podía ver os mortos.

R.: *Eso* nunca o *creiche*?

M.: Eu fun sempre, e que non se había que sentar e se os ía ver que non me sentara, pero con *semejantes* barrigas que tiña eu, como non me había sentar se taba *cansada*. Pero moita xente non o facía. E na *Iglesia*, pasoume ca do medio, con María José. Eu fun a un *entierro*, eu cheghei á *iglesia* e o que fagho ao chegar e sempre *arrodillarme*, e *arrodilleime* e a caixa estaba fóra aínda, o morto estaba fóra aínda. Unha señora que practicamente non falaba nada connigo, claro que *conosémonos* todos, pero *bueno*, veume levantar, eu estaba embarazada e díxome: levántante e non te poñas de *rodillas* cando pase o *difunto*. Eu levanteime. Ademais, cando pase a señora, que ademais non era a miña familia nin era nada e díxenlle eu: vou a



estar todo o tempo de pé no funeral? E *no, no, no*, sempre cando pase pa arriba e veña pa abaixo, non te *arroddilles*. E díxenlle: polo da barrigha ou por min?, porque si é por min non me levantaba. E *no, no, no* polo neno, polo que levas aí, de pé María.

OFRECIDA

R.: Algunha vez fustes ao Nazareno?

M.: *No*, nunca.

R.: *Conoces* xente que fora a o Nazareno?

M.: Si, é unha tradición. Ao Nazareno foi unha amigha miña, chámanlle Manuela e paréceme que a ofreceron, outra amigha dela, ofrecérona. Non sei *si* foron con hábitos, se levaron *velas*. Eu a única vez que... a única vez que me ofreceron a min foi aos *Milagros*, a levar unha *vela* tan ghrande coma min. *Hasta pos, tuven suerte*, que houbo unha *persona*, meu soghro que non me quería molestar. Colleu o *taxi* desde aquí fomos *hasta* alá en *taxi*, pasamos á romería, o taxi esperou por nós e non pasei ningún traballo. E esa foi a única vez que eu... Quíxome ofrecer e esa foi a única vez que eu... que fun ofrecida. E ca vela. É que de corazón o creo non é que fora porque o meu soghro me ofrecera, porque se me din: ofrecémosche porque levara un accidente e quedaras ben, porque non. Pois que quede ben para criar aos meu fillos, era o que dicía eu. Tiña os fillos pa criar, e vou, eu ofrezco tamén. Eu ao meu neno que tiña aquí no... nun brazo tiña, como che vou dicir... así un vultiño pequeno, estaba *encima mismo* así da carne. E díxome o médico que había que operalo, tan pequeniño, tan bonitiño e tal. E di mamá: “*Bueno* ti que sempre vas ao médico porque non lle ofreces a alghún santo *concho*, tamén a ver se lle pasa.” Eu santo non pero curoumo a Virgen, a Virgen Santísima do Carmen, e a próxima aí o 4 de julio. Vou levar ó neno, o neno non pode andar, vou levalo no colo, pero ben eh, non *vais* a pensar que era... porque claro, eu ir por ir, pois *prefiero* facer un sacrificio a ver polo menos *bueno*. Andando fomos os dous, desde aquí *hasta* San Pedro, cansábaseme un montón. “A onde imos mamá?”, porque el non era nadiña, “A onde imos?”, “A ver á *Virgen*, xa verás ti como te has poñer ti alí a man cos teus cartiños que lle ofrecín eu, ca veliña, xa verás ti...” *Dios mío* eu non sei como me sacaron o *cansansio* porque o *Carmen* do Monte dáte conta que queda... quentaba o sol pa misa da unha da tarde que *bueno* María pa chegar. Eu sei que cheghei e pousei o neno e pa acá viñemos en coche, un tío meu que me veu dixo: “E logo ti co *meninho*?”, “E tío porque ofrecino e mira que ten aquí e non ve?”, “*Eso* non é nada, cousas de meniños, ti tamén logo te asustas e tal.”, “Si, pero como me falaban pa operar pois eu ofrecínlle...”, “E logo con quen viñestes?”, “Viñemos andando, porque ofrecino así.” O conto é que fun pa duchar o meniño á noite e non tiña o vultiño.

R.: Tiña desaparecido?

M.: Si, *hasta a fecha*. *Aghora* cada ves que hai esa *Virgen* aí, desde aquí sempre lle dou as *ghrasias* *aunque* non vaia alá. *Sin* máis, funo pa duchar, cando cheghei deixei a roupa xa alá... anda por aí meu fillo. Porque estábamos cansadiños os dous e ala veña, que hai que *cenar* e veña a ducharte que vas a *cenar*. E funo duchar e alá. E el *ahora* como é el así, así de... de pirata:

“Claro porque *eso* son puntos de *grasa* e desapareceume e punto.” E eu: “Vas ti e dislle o que é á *Virgen*.” Pero, a min pasoume. Eu ao Nazareno *no*, ao Nazareno si que non fun nunca.

R.: Nunca *fustes*? Moita xente de aquí de Bretal, a min mo dixo Francisco que, que moita xente *suele* ir. (Entra o fillo de María). Hai unha muller aquí, *bueno* a irmán do cura, Mercedes, fun o ano pasado e *estuvo* no Nazareno díxome Francisco.

M.: Naceu alí.

R.: Son dalí, son dalí eles. E tamén unha muller de aquí de Bretal, que tiña un *cáncer* de mama, tamén foi, ela foi o ano pasado tamén foi ca irmán de Francisco ao Nazareno. Francisco a min dime que si, que hai xente de Bretal que si vai ao Nazareno ofrecerse...

M.: E levan hábitos, levan caixas e caixas de defuntos, non sei que *objetivo* terá *eso*, pero algo ten que ter, alghunha cousa aí...

R.: Si, *eso* ten unha historia non?

M.: Ten que ter unha historia, non? E esta *chica*, penso que a... a que foi a miña amigha tamén... sacáronlle un peito e estaba, ofrecérona e tamén foi ao Nasareno. E eu creo que esta miña amigha, esta fe tan grande que ten ela e... non sei que santiño será, non sei si é *Virgen*, si é o Santo, si é *Dios*, pero esa moveuna a curarse.

R.: Pero, lle fixeron *cirugía*?

M.: Si, pero non ten...

R.: Ah, quitáronlle o peito. E quitáronlle tamén os *ganglios* e... todo, e lle deron a quimioterapia e a radioterapia?

M.: Si, si

R.: Igual quedou *limpia*, non?

M.: No outro tamén ten.

R.: No outro tamén ten algo?

M.: No outro tamén ten un vulto. De momento dinlle que... que *bueno* esperar. Os médicos dinlle que nada, nada, nada pero *bueno*. Que queres que che digha? eu non sei, porque eu tamén teño unha cuñada que a operaron do peito pero... simplemente...

R.: Vou pechar este documento. Como te chamas? María, María eh, María de Bretal. Hoxe é día vinte e dúas, vinte e dous?, vinte e tres de *xulio* de 1998. O día da semana é *xueves*, *jueves*.